

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 31 DE AGOSTO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Accidental:

D. FÁTIMA CORTIZO SEIJAS.

Interventora Accidental:


D^a. M^a. CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 34 DE DATA 24 DE AGOSTO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 34/2015 de 24 de agosto de 2015, da sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para o**



Secretaría Xeral

exercicio da actividade de clínica veterinaria na Avda. da Estación, 28 - baixo (local 4) – Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 25/08/15 por importe de 130 euros en concepto de taxa por licenza de 1ª ocupación. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.



3.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a realización dun muro de cerramento da parcela con referencia catastral 36024A249005650000YO, sita no lugar de Carretera – Vilatuxe – Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 24/08/15 por importe de de 51 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.2.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a realización de obras de conservación e mantemento da fachada posterior do citado edificio, sito na Praza da Marina, 5 – Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 24/08/15 por importe de de 93,55 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.3.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a realización de obras de conservación e mantemento da cuberta do citado edificio, sito na rúa B, 58 - Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 24/08/15 por importe de de 47,78 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.4.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para substitución de chapas de fibrocemento nun cobertizo sito no lugar de O Santón, 9 - Goiás – Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 26/08/15 por importe de de 90 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.5.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para substitución de chapas de fibrocemento nun cobertizo sito no lugar de O Santón, 9 - Goiás – Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 26/08/15 por importe de de 111 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.



3.6.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para a realización dun cerramento de parcela na avda. de Cruces, 64 – Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 20/08/15 por importe de de 40,09 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- INFORMES PREVIOS.

4.1.- Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal**, de data 27/08/15, en relación á solicitude para realización de instalacións telefónicas -ref.: 01667111- en fachada en camiño de acceso á Estación Base, detrás da avda. Do Montserrat, 28 – Lalín e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

4.2.- Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal de data 21/08/2015** en relación á comunicación previa para a execución de obras de cambio de tella na vivenda situada en Des, 2 – Soutolongo – Lalín, e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse adxudicarlle o contrato de servizos denominado “**SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LALÍN**” **LOTE 1: CEIP ZONA RURAL, LOTE 2: CEIP ZONA URBANA, LOTE 3: ESCOLAS INFANTÍS. (CSE082015)**, á empresa **SYMATEC, S.L.** polos seguintes importes de 38.054,50 euros/curso, 32.742,60 euros/curso e 19.965,00 euros/curso, por ser as ofertas economicamente máis vantaxosas e que cumpren cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, e se declara retirada a proposta presentada por **LIMPIEZAS CÍES, S.L.** con CIF núm. B-36631935 respecto do LOTE NÚM. 2, así como a súa exclusión do procedemento de licitación.

5.2.- Acordouse **conceder unha prórroga dun mes** á empresa **MONTEFARO ELECTRICIDADE, S.L.** para a realización da Auditoria (memoria detallada) do contrato “**SERVIZO DE MANTENIMIENTO DEL ALUMBRADO PÚBLICO DEL CONCELLO DE LALÍN**”, rematando o prazo para a súa presentación o día 30 de setembro de 2015.



6.- FACTURAS E CONTAS.

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente tendo en conta os informes da Interventora Municipal fiscalizado con conformidade **acordouse probar e declarar de abono** a relación de facturas núm 131 por importe global de 112.562,87 euros.

7.- CERTIFICACIÓN DE OBRA.

7.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 8 da obra “REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN”, presentada pola entidade CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **51.903,88 euros**.

8.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

8.1.- Acordouse a devolución e cancelación do aval presentado pola empresa **Unión Fenosa Distribución S.A,** polo importe de **2.000 euros**, como garantía para responder da obra “*Reposición de Servizos na Avda de Rodeiro, expte 7571/14*”.


8.2.- Acordouse a devolución e cancelación do aval presentado pola empresa **FCP 17, S.L,** polo importe de **5.400 euros**, como garantía para responder da obra “*Derribo das vivendas núm. 28 e 30 da Avda. Bos Aires*”.

9.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

Vista a relación de solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, ESPINA Y DELFÍN S.L., **acordouse autorizar dezanove solicitudes, así como a formalización dos correspondentes contratos**

10.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

10.1.- Acordouse aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación Cultural Virxe das Dores de Lalín para a celebración das Festas Patronais de



Secretaría Xeral

Lalín 2015, asumindo as obrigas e compromisos que nel constan e facultar ó Sr. Concelleiro Delegado de Ocio, Xuventude, Feiras, Mercados e Relacións Veciñais para a súa sinatura.

11.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

11.1.- Acordouse recoñecer a obriga correspondente á dotación económica para os grupos políticos municipais .

11.2.- Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía** número 07/2015.

11.3.- Acordouse autorizar a **alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, para vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do seguinte vado permanente**, do vado permanente ubicado na Rúa Observatorio, nº 18 baixo, con destino a almacén.

11.4.- Acordouse aprobar a concesión de dúas axudas de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade.


11.5.- Acordouse a inclusión urxente no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas para unha persoa beneficiaria ao non existir listaxe de espera.

11.6.- Acordouse permitir unha visita guiada á casa do Concello de Lalín o día 12 de setembro as 10:00 horas, autorizar o uso da instalación Albergue “Vicente Agulló” para que a mocidade participante na iniciativa poida pasar a noite do día 12 de setembro, permitir a realización dunha comida grupal na área de lecer “Pozo do Boi” de Vilatuxe o día 12 de setembro e autorizar a realización dunha visita guiada ao Pazo de Liñares ao Museo da Marioneta o día 13 de setembro, todo elo no marco da actividade DESCUBRÍNDONOS, un intercambio entre grupos de mozos e mozas de 18 a 35 anos de Lalín e Silleda que ten como finalidade amosar os recursos naturais, sociais e patrimoniais do seu entorno máis próximo, á vez que se poñen en marcha novos espazos de comunicación.

11.7.- Acordouse **aceptar a renuncia voluntaria** presentada por un traballador do Concello de Lalín, ao posto de condutor-operario da brigada de obras e servizos.

12.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

12.1.- Acordouse autorizar o uso do Salón do Auditorio (Sala de Ordenadores) para a celebración dunha reunión informativa o venres día 4 de setembro de 2015, ás 18:00 horas.

12.2.- Acordouse autorizat a realización dunha reportaxe fotográfica o día 5 de setembro de 2015, de 14:30 horas a 15:30 horas no Pazo de Liñares.

12.3.- Acordouse conceder autorización municipal para cerrar ó tráfico a rúa Avda do Monserrat con motivo das festas parroquiais de Donramiro.

12.4.- Acordouse autorizar o uso de dúas salas do Pazo de Liñares para organizar as IIª Xornadas Arqueoloxía e Memoria “Carmen Buxán”, co gallo dos 25 anos da publicación do seu libro “*Guía dos Castros de Lalín*”, que se celebrarán o 16, 17 e 18 de outubro de 2015, no Pazo de Liñares en Lalín.

=====

